



2022

Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego

Sector Cultural



espazo coop
unión de cooperativas galegas



Título orixinal: © 2021

Textos e revisión: Equipo técnico de Espazocoop
Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.

Unión de Cooperativas Espazocoop
Rúa do Hórreo, 104, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña
<http://espazo.coop>



Esta obra comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

Os Plans Estratégicos de Espazocoop enmárcanse no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



ÍNDICE

1. PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA	5
• 1.1 POTENCIALIDADES DO SECTOR CULTURAL	12
2. ANTECEDENTES	17
3. OBXECTIVOS	19
4. RADIOGRAFIA DO SECTOR CULTURAL	21
5. COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS NO COOPERATIVISMO CULTURAL	31
6. CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	43
• 6.1 BOAS PRÁCTICAS DE COOPERATIVAS CULTURAIIS E PROXECTOS REPLICABLES	46
• 6.2 PLATAFORMAS COOPERATIVAS DIXITAIS	48
7. FOMENTO DA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	51
• 7.1 DETECCIÓN DE OPORTUNIDADES	51
8. PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	55
• 8.1 ACTUACIÓNS DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	57
9. BIBLIOGRAFÍA	59




● PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA

O cooperativismo contribuíu de forma moi significativa ao desenvolvemento social e económico de Galicia nas últimas décadas, como acredita a súa evolución en termos sociais e económicos ao longo do devandito período, acadando na actualidade unha gran relevancia en moitos sectores da actividade económica, entre outros a agricultura, o sector financeiro ou a distribución e os servizos, configurándose como un instrumento xerador de emprego moito máis activo que as sociedades de capital nalgúns sectores, como por exemplo no sector cultural. Por outra banda, emerxe con gran forza en sectores que responden a grandes demandas sociais, como educación, sanidade, atención aos fogares e outros servizos sociais.

EVOLUCIÓN CREACIÓN COOPERATIVAS 2015-2020

(Elaboración propia, segundo datos rexistro de cooperativas de galicia)




COOPERATIVAS CONSTITUIDAS E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS SEGUNDO OS REXISTROS PROVINCIAIS E CENTRAIS DE COOPERATIVAS DE GALICIA. ANO 2019

(FONTE. Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019)

REXISTRO	NÚMERO COOPERATIVAS	HOMES	MULLERES	PERSOAS XURÍDICAS	TOTAL PERSOAS
A Coruña	38	110	79	6	195
Lugo	7	7	8		16
Ourense	9	7	12		19
Pontevedra	48	126	102	10	238
CENTRAL	8	86	29	30	145
TOTAL	110	336	231	46	613

No ano 2020, as 98 cooperativas creadas, están formadas en un 52.2 % por socios promotores homes e en un 43.5 % por socias mulleres.



EVOLUCIÓN COOPERATIVISMO EN SECTORES EMERXENTES

(Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019, 2018,2017)

SECTOR	Nº COOP 2019	Nº 2018	Nº COOP 2017
Educación	8	6	3
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7	2	3
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (CULTURA)	6	2	4

Cooperativa

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa deles, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A xestión e o goberno da sociedade cooperativa correspóndelles exclusivamente a esta e ás persoas socias.

A sociedade cooperativa axustarase na súa estrutura e no seu funcionamento ós principios establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional:

I. Adhesión. As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser socio/a, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

II. Xestión democrática por parte das persoas socias. As cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polas persoas socias, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante as persoas socias. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

III. Participación económica das persoas socias. As persoas socias contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestionanas de xeito democrático. Polo menos, unha parte dos activos é, por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, sobre o capital entregado como condición para ser socio/a. As persoas socias asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa; á constitución de reservas, das que, polo menos, unha parte sería indivisible; ao beneficio das persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e ao apoio doutras actividades aprobadas polas persoas socias.

IV. Autonomía e independencia. As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polas persoas socias. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte das persoas socias e manteñan a súa autonomía cooperativa.

V. Educación, formación e información. As cooperativas proporcionanlles educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, ás e aos directivos e ás persoas empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Informan ao gran público, especialmente á mocidade e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

VI. Cooperación entre cooperativas. As cooperativas serven o máis eficazmente posible a quen forma parte delas como socio ou socia e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

VII. Interese pola comunidade. Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos das persoas socias, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento sostido das súas comunidades segundo os criterios aprobados polos socios e socias.

Atendendo á base de definición e principios cooperativos, as tipoloxías de cooperativas que mellor se axeitan para o sector dos coidados serían:

- **Cooperativa de traballo Asociado:** Asocian persoas naturais co obxecto de cooperativizar unha prestación laboral. Proporcionálles ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.

Unha especialidade das cooperativas de traballo asociado e asimiladas son as **cooperativas xuvenís**: son aquelas constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos, agás no caso de que sexan persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, no que a idade

máxima será de 35 anos. Teñen por obxecto proporcionarlle emprego e un marco apropiado para o desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros. Contan con importantes vantaxes para a súa constitución (redúcese o capital mínimo e non se require outorgamento de escritura pública), e transcorrido o prazo marcado nos estatutos, que non será superior aos cinco anos, deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

Como cooperativa singular e excepcional tamén se prevé a **cooperativa mixta de traballo asociado**. Neste tipo de cooperativas existen cooperativistas cuxo dereito de voto na asemblea xeral poderá determinarse en función do capital achegado nas condicións establecidas estatutariamente. O obxecto destas cooperativas é contribuír á captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos, salvando ao máximo posible as características que son propias das sociedades cooperativas.

Por outra parte, A Xunta de Galicia poderá cualificar como **sociedades cooperativas sen ánimo de lucro** as que polo seu obxecto, actividade e criterios económicos de funcionamento acrediten a súa función social. Considéranse como tales as que se dediquen principalmente á prestación e xestión de servizos sociais, educativos, culturais, artísticos, deportivos ou de tempo libre e outros de interese colectivo ou de titularidade pública, á integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social ou a outras actividades que teñan por finalidade conseguir a superación de situación de marxinación social de calquera tipo. (*Disposición adicional cuarta. Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia*).

Do mesmo xeito que sucede con outras fórmulas empresariais sen ánimo de lucro, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción, os resultados positivos da actividade non poden ser distribuídos entre as persoas socias, destinándose os excedentes dispoñibles (beneficios) a un Fondo de Reserva Obrigatorio e irrepatriable. Ademais desta consideración, as cooperativas sen ánimo de lucro teñen limitada a retribución das persoas socias traballadoras e do persoal asalariado, non podendo superar o 150% das retribucións establecidas no convenio colectivo aplica-

ble ao seu sector. Iso non significa que as persoas socias traballadoras e persoal asalariado traballen ou presten os seus servizos con carácter gratuíto, senón que tanto os beneficios como as súas retribucións están suxeitas ás devanditas limitacións, prevalecendo o carácter social da entidade.

Como poñer en marcha unha cooperativa?

O paso previo para a posta en marcha dun proxecto cooperativo é que o grupo promotor leve a cabo a análise da viabilidade da idea mediante o desenvolvemento dun [Plan de empresa](#)¹ no que participe todo o grupo.

Unha vez levado a cabo este estudo (de mercado, organizativo e financeiro) e coñecendo o grupo polo miúdo (as [características da fórmula cooperativa](#)²), pódense iniciar os trámites para a constitución da mesma.

A secuencia dos pasos a seguir sería a seguinte:

- 1| Configurar un grupo promotor cooperativo.
- 2| Análise da viabilidade da idea.
- 3| [Solicitud do nome](#)³ da cooperativa.
- 4| Elaboración do proxecto de estatutos sociais ([modelo de estatutos segundo a tipoloxía de cooperativa](#)⁴).
- 5| Celebración da asemblea constituínte .
- 6| Cualificación previa do proxecto de estatutos .
- 7| [Solicitud](#) de CIF provisional⁵.
- 8| Apertura dunha conta bancaria. Achegas iniciais ao capital social. Certificado.

¹ Plan de empresa: <https://consolidaes.com/Inicio.php>

² Manual de formación par socias e socios: <https://espazo.coop/recursos/manual-de-formacion-para-sociasos-de-cooperativas-de-traballo-asociado/>

³ Solicitud nome da cooperativa: https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/Regsociedades/Modelos/MODELO_certificacion_negativa_denominacion1.pdf

⁴ Rexistro Virtual cooperativas de Galicia: https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cooperativas/modelos-de-estatutos

⁵ Axencia Estatal Tributaria: <https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/G322.shtml>

- 9| Escritura pública de constitución ante notario/a, excepto para as cooperativas xuvenís. Os aranceis están bonificados segundo Disp. adicional terceira da Lei de Cooperativas de Galicia.
- 10| Liquidación do I.T.P.A.X.D. (Exento para as cooperativas)⁶.
- 11| Solicitud de inscrición no Rexistro de Cooperativas.
- 12| Solicitud do CIF definitivo (Axencia Tributaria Estatal).
- 13| Documentación social: Libro de rexistro de persoas socias – libro de actas da asemblea xeral – Libro de actas do consello reitor – outros libros.
- 14| Resto de trámites de inicio de actividade: Declaración censal, inicio de actividade, alta na seguridade social, permiso municipal de apertura de establecemento, comunicación de apertura do centro de traballo, libros de visitas da inspección de traballo e seguridade social...

1.1 POTENCIALIDADES DO SECTOR CULTURAL

A UNESCO define as industrias culturais e creativas como “aqueles sectores de actividade organizada que teñen como obxecto principal a produción ou a reprodución, a promoción, a difusión e/ou a comercialización de bens, servizos e actividades de contido cultural, artístico ou patrimonial”.

As actividades incluídas na citada definición caracterízanse a súa vez por:

- Ser unha intersección entre a economía, a cultura e o dereito.
- Incorporar a creatividade como compoñente central da produción.
- Producir contido artístico, cultural ou patrimonial.
- Ser bens, servizos e actividades frecuentemente protexidas pola propiedade intelectual, dereitos de autoría e os dereitos conexos.
- Ter unha dobre natureza: económica (xeración de riqueza e emprego) e cultural (xeración de valores, sentido e identidades). Innovación e re-creación.
- Ter unha demanda e comportamento do público difícil de anticipar.


⁶ Axencia Tributaria Galega: https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Transmisi%C3%B3ns+patrimoniais+e+actos+xur%C3%ADdicos+documentados/11609739/4126995/30852231//item-brown

A delimitación do sector da cultura non é un tema trivial; de feito, non existe un consenso internacional estrito sobre as actividades que se deben incluír na análise da cultura.

Atendendo a esa definición xeral da Unesco, falaríamos destas actividades dentro das industrias culturais:



Se seguimos as indicacións do Ministerio de Cultura e Deporte, o Código Nacional de Actividades Económicas (CNAE) e os perfís estatísticos que ofrece o Instituto Galego de Estatística (IGE) distinguiríamos as áreas temáticas de:



Pero a conta satélite da Cultura en Galicia (2011) distingue á súa vez sector cultural e fase do proceso produtivo:

RAMAS DA CNAE-2009 INCLUÍDAS TOTAL OU PARCIALMENTE EN CADA SECTOR E FASE CULTURAL


CÓDIGO CNAE 2009	CREACIÓN E PRODUCCIÓN	FABRICACIÓN	DIFUSIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	PROMOCIÓN E REGULACIÓN	ACTIVIDADES AUXILIARES
Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	91				
Libros e prensa	58.1, 63.91, 90.03	18.1	46.49, 47.1, 47.61, 47.62, 47.91, 47.99		
Artes Visuais	71.11, 73.1, 74.1, 74.2, 90.03		46.43, 47.78, 47.79		20.59, 26.7
Artes escénicas	90.01, 90.02		46.49, 90.04		32.2, 74.9
Audiovisual e multimedia	59,60	18.2	46.43, 47.1, 47.43, 47.63, 47.91, 59, 60, 77.22		26.3, 26.4, 26.7, 26.8, 74.9
Interdisciplinar				84.12	

Atendendo a esta clasificación, segundo o catálogo de entidades de economía social en Galicia (2020)⁷, teríanse rexistradas 56 cooperativas culturais, seguindo a distribución indicada na seguinte táboa:



⁷ <https://catalogoeconomiasocial.gal/>

COOPERATIVAS GALEGAS POR SECTORES



COOPERATIVAS GALEGAS CULTURAIS (56)	CREACIÓN E PRODUCCIÓN	FABRICACIÓN	DIFUSIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	PROMOCIÓN E REGULACIÓN	ACTIVIDADES AUXILIARES
Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	1				
Libros e prensa	1	5	9		
Artes Visuais	17		2		0
Artes escénicas	8		0		11
Audiovisual e multimedia	0	0	2		0
Interdisciplinar				0	

Porén, tanto os cambios ambientais como sociais e tecnolóxicos experimentados pola nosa sociedade, como a crise económica e social derivada da Covid19, plantexan

novos retos e desafíos para o cooperativismo, ao tempo que posibles oportunidades que demandan enxergar novos xacementos de actividade para os distintos colectivos que a raíz desta crise van quedar no desemprego. Cómpre polo tanto, reflexionar sobre as posibilidades que brinda o modelo cooperativo para estruturar sectores económicos e xerar riqueza e emprego, detectando posibles xacementos de emprego e alternativas de emprendemento para novas cooperativas ou para proxectos que poden incrementar dimensión e crear a súa vez novos empregos.

Dende Espazocoop queremos avaliar as oportunidades que ofrecen diversos sectores que poidan ser unha alternativa ocupacional e de emprendemento, diante das novas circunstancias marcadas polo distanciamento social e alí onde xa existían experiencias de éxito e que respondan a estas novas demandas sociais.



2 ● ANTECEDENTES

Para realización deste plan, tomáronse como referencia diferentes análises feitos con anterioridade ao 2020 na economía social como o informe “Promoción da creación e consolidación de empresas de economía social no sector das industrias creativas e culturais: Axenda sectorial. LACES (2019)”, ou “Cooperativismo e Cultura – unha alianza necesaria”. Xunta de Galicia (2015), tanto a nivel autonómico como nacional, ademais de estudos e análises de boas prácticas, propostas e adaptacións e medidas implantadas no sector cultural para abordar a pandemia COVID-19, como por exemplo “Guía de buenas prácticas para reinicio de la actividad escénica y musical en España”. INAEM 2020. Ou “Propostes enfront de la crisi de la COVID-19. Espai de cooperatives culturals de Barcelona“ Cultura cooperativa catalana 2020, “Análisis del impacto del covid-19 sobre las organizaciones y agentes culturales en España”-Universidad de Valencia 2020, entre outros estudos e informes sectoriais nomeados na bibliografía deste plan.

Por outro lado foi primordial tamén para este análise a mesa de profesionais composta polas cooperativas culturais galegas que pertencen á sectorial cultural

de ESPAZO COOP, Unión de cooperativas Galegas, conformada por 35 cooperativas de actividades diversas no eido da cultura (xestión eventos, produción, distribución, audiovisual, fotografía, artes escénicas e musicais, formación cultural, editorial, patrimonio, ocio, tempo libre, medio ambiente, turismo etc.).

Os obxectivos da sectorial entre outros son⁸ mellorar a interlocución coa administración, reclamar melloras e garantías nos procesos de contratación pública, reforzar o apoio ás empresas de mulleres, comprometerse a desenvolver proxectos sostibles e de interese social, defender os dereitos e atacar os agravios ao sector.

Polo que son esenciais as súas reflexións e propostas para consolidar o sector e abrir o camiño deste plan estratéxico. E é importante remarcar que durante o ano 2020, esta sectorial mostrou unha fortaleza de intercooperación e unión entre as cooperativas, levando a cabo numerosos encontros para apoiarse en momentos tan complicados ante a situación COVID-19 para o sector, e a elaboración dun manifesto da sectorial⁹ ante o plan de reactivación cultural da Xunta en Xuño 2020, dando visibilidade ás demandas do cooperativismo cultural. Tamén no mes de outubro de 2020 se firma e elabora outro manifesto de xeito agrupado con outras entidades profesionais do sector¹⁰, manifesto que é relevante para a elaboración deste plan estratéxico.

Centrarémonos na recompilación de datos do territorio galego, territorio galego, en sectores como a cultura, ocio e tempo libre, turismo-hostalería, educación infantil 0-3 anos e comercio polo miúdo, que foron os sectores máis golpeados pola crise, e non soamente en Galicia, con importantes reducións de facturación e con perspectivas e moitos casos pouco prometedoras. Polo que é importante ter tamén unha visión global do estado para xerar estratexias no sector.

⁸ <https://espazo.coop/novas-do-cooperativismo/manifesto-da-sectorial-de-cooperativas-culturais-ao-plan-de-reativacion-dos-sectores-cultural-e-turistico/>

⁹ https://xacobeo2021.caminodesantiago.gal/osdam/filestore/2/0/0/1/3_ca5875058a12b42/20013_b03a7f19714b8c9.pdf

¹⁰ <https://espazo.coop/wp-content/uploads/2020/10/Manifesto-Asociacions-Profesionais-7-Outubro.pdf>

3

● OBXECTIVOS

O sector obxecto de análise neste plan é o da Cultura, e como xa indicamos anteriormente, non é fácil delimitar as actividades a interpretarse como cultura. Por iso consideramos vencellar esta diagnose á actividade musical nas súas distintas expresións: música popular, grupos musicais, escolas de música, bandas.... Clarificar o modelo, valorar a súa seguridade xurídica, determinar que tipo de actividades poderían ter cabida para dotar as cooperativas musicais de oportunidades reais de desenvolvemento. Avaliar a posibilidade de concertos ofrecidos vía streaming ou baseados nas novas tecnoloxías da comunicación, para o caso de que as medidas de distancia social se prolonguen no tempo.

Pensamos no tecido central e nos proxectos de pequeno e mediano formato, que ven en perigo a súa viabilidade sen políticas culturais proactivas de protección e apoio nesta nova etapa. A esta situación súmase a preocupación por unha sensación de prescindibilidade do sector, feito de que deixa moitos proxectos nun futuro realmente incerto e nunha situación de considerable desamparo.



Para abordar o análise, os elementos obxecto de estudo foron:

1. Coñecer dificultades e retos que xurdiron nos últimos anos e que xorden na actualidade da crise da pandemia COVID-19 para as cooperativas culturais.
2. Medidas tecnolóxicas implantadas coa situación COVID-19 e como as cooperativas culturais e as persoas socias e traballadoras responderon ou se viron afectadas polas mesmas, e cales poden ser oportunidades para seguir abordando, mellorando e xerar oportunidades e/ou fortalezas.
3. Determinar as medidas que se puxeron en marcha nas cooperativas para tratar de solucionar as dificultades e retos planeados, conxugando as necesidades da cooperativa coas das persoas socias en base aos principios cooperativos.
4. Verificar se as medidas legais establecidas supuxeron algunha mellora ou non nas condicións laborais das mulleres socias traballadoras.
5. Seleccionar casos de boas prácticas establecidos polas cooperativas para continuar coas actividades culturais.
6. Establecer se o cooperativismo pode ofrecer alternativas e novos xacementos de empregos e emprendemento no ámbito cultural, especialmente para as cooperativas musicais ou de profesionais vinculantes.
7. Buscar respostas colectivas ás necesidades do sector cultural, especialmente danado por esta situación sanitaria e económica que está a sufrir o sector e sufrirá a medio prazo.
8. Traballar en medidas estratéxicas, media e longa distancia para seguir consolidando o sector do cooperativismo cultural, ofrecendo outra visión e outra forma de facer e entender a cultura en Galicia.
9. Establecer un plan que garanta a supervivencia das cooperativas culturais xa existentes, e a xeración de novas cooperativas, recoñecendo o seu plan estratéxico na construción dun novo modelo cultural en Galicia.




● RADIOGRAFIA DO SECTOR CULTURAL

Ao longo das últimas décadas, e por mor da súa expansión industrial, a cultura tense convertido nun relevante sector de actividade económica. Baixo o paraugas do sector cultural agóchanse actividades moi heteroxéneas e dispares, sexa en termos disciplinares (artes escénicas e musicais, audiovisual, libro, bibliotecas e arquivos, patrimonio e museos) ou no relativo á cadea de valor (formación, creación, produción, distribución, exhibición, consumo e conservación).

En 2019 en España tiñamos 127.581 empresas culturais (3.8 % do total de empresas do estado), en Galicia 7.033, e o emprego sectorial ascendía a 34.100 persoas, coa seguinte evolución:

GRÁFICO ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE. ANUARIO DE ESTADÍSTICAS CULTURAIS E O IGE.



TÁBOA ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DOS DATOS MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE. ANUARIO DE ESTADÍSTICAS CULTURAIS E O IGE.

	EMPRESAS CULTURAIS	EMPREGO CULTURAL
2016	6.151	35.900
2017	6.397	36.400
2018	6.635	35.000
2019	7.033	34.100

Onde xa se pon de manifesto que aínda que aumentan o número de empresas creadas, o tamaño das entidades vai en diminución. No ámbito cooperativo cabe indicar que a partir do 2018, permítense cooperativas de dúas persoas socias, reducíndose así tamén ese tamaño das empresas cooperativas.

Segundo os datos do Ministerio a maior parte das empresas correspóndense con actividades da industria e dos servizos, tales como actividades de edición, de bibliotecas, arquivos, museos, cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión, ou as artísticas e de espectáculos. O 67,1 % son empresas sen asalariados, o 26,7 % de pequeno tamaño, de 1 a 5 persoas traballadoras, e o 5,7 % ten de 6 a 49 asalariados. O 0,5 % restante son empresas de maior tamaño.

Se nos centramos no obxecto deste plan estratéxico, en torno ás artes escénicas e musicais en Galicia, os datos que amosan son os seguintes:

	COMPAÑÍAS DE DANZA	COMPAÑÍAS DE TEATRO
2016	88	229
2017	81	236
2018	81	236
2019	81	242
2020	82	243

Elaboración propia a partir de Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Explotación Estatística das Bases de Datos de Recursos Musicais e da Danza. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Explotación estatística das Bases de Datos de Recursos das Artes Escénicas e datos do IGE.

	SALAS DE CONCERTO	ESPAZOS ESCÉNICOS
2016	31	91
2017	31	92
2018	31	92
2019	31	94
2020	35	94

Elaboración propia a partir de Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos Musicales y de la Danza. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas e IGE.

Segundo os datos estatais, mais dun terzo de estas espazos escénicos e das salas de concertos son espazos de titularidade pública.

4.1. OPORTUNIDADES DE SUBSECTORES CULTURAIIS

Seguindo os datos da radiografía do sector, a brecha de análise que se abre é que poden existir empresas cooperativas ou non, que prestan servizos moi diversos, algún deles ligados á cultura ou ao ámbito sociocultural e multitude de **proxectos culturais colectivos** (sexan asociacións ou baixo outras formas) inspirados algúns deles nos valores do cooperativismo pero que non se promove a fórmula cooperativa como unha saída de xeración de emprego, e pola contra créanse agrupacións, asociacións, grupos, ou outros colectivos específicos, que nalgúns casos non teñen fórmula xurídica propia e que incluso poden estar operando no limbo entre o legal e o ilegal.

	AGRUPACIÓNS DE CÁMARA	AGRUPACIÓNS LÍRICAS	BANDAS	COROS	ORQUES-TRAS DE CÁMARA	ORQUES-TRAS SIN-FÓNICAS
2017	13	1	96	263	4	6
2018	13	0	124	263	3	9
2019	13	0	94	263	3	9
2020	16	0	94	264	3	10

Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Explotación estatística das Bases de Datos de Recursos Musicais e de danza e datos do IGE.

Dentro destes proxectos culturais colectivos, que nacen a finais do século XIX, aparecen en moitos lugares de Europa e, en particular en España, as asociacións de instrumentistas —as bandas populares— e as de cantantes —corais e orfeóns—, moitas delas constituídas por xente non profesional e outras por semiprofesionais.

Facemos fincapé nas **Bandas de Música**.

Hoxe en día Galicia, é xunto con Valencia, a comunidade autónoma que mais Bandas de Música¹¹ ten, a unha media de entre 40 e 55 compoñentes.

A Federación Galega de Bandas de Música Populares conta en xaneiro de 2021 con 94 bandas de música populares que engloban a 6.262 músicos (federados). A maiores pode haber unhas 20 agrupacións mais que non están na Federación.

Na Cidade de Pontevedra é onde máis número de Bandas de música hai (52), seguida de A Coruña (28), Lugo (9) e Ourense (5)¹²

¹¹ [_https://bandas.gal/](https://bandas.gal/)

¹² CCG_2021_As-bandas-de-musica-populares-en-Galicia.pdf – Concello Galego da Cultura

O seu aumento e proliferación provoca o seu crecemento e a complexidade das súas estruturas, facendo cada vez mais difícil o seu funcionamento, cunha xestión baseada no voluntariado, ademais de funcionar nun modelo de precariedade laboral para persoas semiprofesionais ou profesionais, con estudos universitarios na maioría dos casos. Polo que consideramos que estas organizacións colectivas son potenciais oportunidades para ter cabida baixo fórmulas cooperativas de traballo asociado, xuvenís, sen ánimo de lucro ou usuarios e consumidores, se cabe.

Algo similar sucede no ámbito da música popular. Xa no ano 2006 a Fundación Son de Seu publicou no Libro Branco da Educación en Música Tradicional en Galicia¹³ un estudo que deixaba ver un perfil dos docentes sen contrato, 70% con máis de dez anos de experiencia; maioritariamente homes, 59%; menores de 33 anos, 60,5%; e con formación académica universitaria, 38,5%. Onde as asociacións culturais acaparaban o ensino das músicas tradicionais no 58,5% dos casos. Esta docencia movía daquela máis de tres millóns de euros, e formaba parte dunha “economía somerxida” á que tamén habería que sumar outras actividades transversais como a venda de traxes e instrumentos musicais.

Esta actividade concreta contaba no ano 2006 cuns 20.000 estudantes, organizando arredor dunhas 1.350 actividades, uns 640 profesores en 700 centros de ensino espallados por toda Galicia e era en ese mesmo ano onde saían os primeiros titulados superiores da única especialidade que existía no país.

Se ben é certo que 15 anos despois algunhas cuestións mudaron e se “profesionalizaron”, mellorando empregos de docentes a través das Asociacións Culturais, ou xerando profesionais individuais baixo fórmulas de persoas autónomas (free lance), este sector está moi “somerxido” e precarizado, ademais do intrusismo, outra cuestión importante tendo en conta que a formación na música e baile tradicional non

¹³ http://gaiterosgalegos.gal/images/files/2015_xan_xun/libro_branco_sondeseu.pdf - Libro branco da Educación en Música tradicional en Galicia.

está regradada ao 100%. Polo tanto, este espazo convértese nun reto onde promover proxectos colectivos en moitas das entidades que realizan estas actividades e xerando empregos estables.

No ano 2014 destaca outro estudo realizado polo proxecto de reactivación do patrimonio inmaterial a través da música tradicional dos espazos rurais, que realizou a Asociación de Desenvolvemento local “Deloa”, en colaboración coa Fundación Paideia¹⁴, co obxectivo de promover a recuperación do patrimonio inmaterial de base musical nas rexións de Sar, Barbanza, Muros e Noia. Este proxecto identificou a música tradicional como un sector importante para o desenvolvemento socioeconómico, constituíndo unha fonte de riqueza e creación de emprego para diversos sectores.

Este informe (realizado nunha rexión moi concreta de Galicia, pero que se pode extrapolar a toda a xeografía galega) indicaba que un 93% se dedicaban dunha forma afeccionada á música tradicional, actuando en festas e romarías. Soamente o 7% dos grupos se dedicaban á música tradicional de forma profesional. O 20% eran solistas, pero a maioría deles, o 56%, realizaba a súa actividade de forma profesional. Un 74% dos grupos pertencían a unha asociación de carácter cultural, mentres que os solistas cun carácter máis profesional non adoitaban estar vinculados a asociacións culturais, e realizaban a súa actividade por conta propia.

Os indicadores de resultados deste proxecto amosaron a necesidade de mellorar a profesionalización no campo dos grupos de música tradicional, un déficit que impidunha visibilidade óptima do patrimonio inmaterial e unha comercialización sostible da cultura e do talento, evitando que as entidades públicas e as empresas privadas aposten por diversificar economías rurais a través do binomio “cultura-turismo”.

¹⁴ <https://www.paideia.es/>

- No ano 2021, nace a Asociación de Ensinantes profesionais de música e baile tradicional¹⁵ co obxectivo de promover e axudar na regularización do sector, tanto dende o punto de vista das entidades contratantes como dos propios profesionais. Entidades como esta poden ser influíntes de cara á promoción e divulgación da fórmula cooperativa como autoemprego colectivo.
- Vendo que o número de profesionais en precario é moi alto, este sector e actividades son claramente oportunidades de negocio, que poderían xerarse en forma cooperativa, vindo ademais a súa traxectoria moi vinculada ao mundo do asociacionismo, a colaboración, e valores alienados e en conexión cos valores e principios cooperativos.
- O **asociacionismo cultural** presenta enorme dinamismo e fortaleza, pero as súas posibilidades están limitadas pola súa capacidade de xerar recursos e proxectos. Neste sentido a fórmula cooperativa pode transformar esta visión e que a través das asociacións se xeren proxectos cooperativos que dean impulso a creatividade e a innovación, ademais da profesionalización e melloras laborais.
- As asociacións e as fundacións son axentes dinámicos no ecosistema económico da cultura en Galicia. Son elementos claves na dinamización e desenvolvemento de todo tipo de proxectos e tamén na súa execución. Poden xerar emprego, e maioritariamente emprego indirecto, a través de contratacións e prestación de servizos por parte de empresas culturais para a execución das súas actividades. O problema é que estas entidades na súa maioría teñen unha reducida dimensión e xestión, baseada no voluntariado e intervención local ou comarcal, pero sen embargo, son parte moi visible da cultura en Galicia. A súa financiación procede de fondos propios e de aportacións de entidades públicas a través de convenios e axudas para propostas concretas.
- As asociacións culturais que realizan actividades con fins específicos musicais son as mais numerosas, seguidas das de teatro e espectáculos.

¹⁵ <https://asen-trad.com/>

- As asociacións funcionan grazas ao esforzo voluntario e desinteresado das persoas socias e beneficiarias. Nos anos de crise do sector cultural e agora coa pandemia, estas entidades foron e son soporte fundamental para o tecido cultural empresarial, grazas á contratación pública, a axudas directas, a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais, etc. e que se converten en fonte de contratos no sector cultural, para servizos profesionais, dende actuacións en pequenos formatos a actividades máis grandes, como un festival.
- Unir asociacionismo e cooperativismo e xerar un sistema económico-empresarial é posible, e temos exemplos nados de asociacións ou vinculados a elas como “ Melandrainas S.coop. Galega” - Café Teatro, “ Seisporoito s.coop. galega” – Aula de música e danza tradicional-, “ sons da Costa S.coop.Galega” – Escola de música de Cee e banda de música de Cee-.
- Por último tamén ter presente a fortaleza que supoñen no sector cultural outras formas de economía social, como Comunidades de Montes, cooperativas agrarias ou do mar, que promoven, contratan e /ou protagonizan iniciativas culturais de gran calado como parte da súa Responsabilidade Social Empresarial, converténdose en motores transversais do sector cultural e xerando valor cultural no entorno, dinamizando e innovando en servizos e actividades culturais, aínda sendo modelos económicos de outros mercados. Claro exemplo é a Cooperativa Martín Códax (Premios da música, programación anual de eventos culturais nas súas instalaicóns...) ou a Cooperativa de armadores de Vigo (Festival Seefest).
- E tamén dentro das propias cooperativas culturais, se xeran propostas novidosas e de impacto social como por exemplo o Festiclown da cooperativa Culturactiva.

4.2. DAFO DO SECTOR CULTURAL

RETOS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Tamaño reducido das empresas • Cooperación • Necesidades de mellora da formación para os profesionais • Novos comportamentos das persoas usuarias / consumidoras • Falta de coñecementos para procesos de dixitalización • Profesionais independentes. • Voluntariado, a cultura como afección e non como profesión • Intrusión laboral 	<ul style="list-style-type: none"> • Carácter dinámico do sector • Diversidade de contidos • Evolución continua da tecnoloxía • Traballo en Rede • Existencia de novos talentos e centros de ensino específicos • Agrupacións, Federacións empresariais e outras que se encargan da investigación, do acompañamento, asesoramento, etc. • Riqueza do patrimonio Cultural Galego • Maior protección da propiedade intelectual
AMENAZAS	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Dependencia de Fondos públicos • Difícil acceso a financiamento • Formación académica non regrada 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesionais con experiencia • Xeración de Valor • Motor de cohesión social e desenvolvemento local • A cultura arrastra outras economías - Turismo, hostalería, tecnoloxías • Valores transversais: Asociacionismo, sen ánimo de lucro

5

● COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS NO COOPERATIVISMO CULTURAL

- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 provocou unha parálise total destes sectores. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos **desprazamentos**, á **confianza dos mercados**.

Durante os momentos máis difíciles da pandemia, o sector cultural cooperativo e en xeral contribuíu tanto á saúde individual como ao benestar social da cidadanía, a través da aparición de **iniciativas gratuítas** nas redes sociais e de xeito online, como concertos, retransmitidos dende as casas, acceso a eventos culturais online, acceso a materiais culturais, descarga de libros, etc. Algúns beneficios que son particular-

mente valiosos como a **integración e a cohesión social**. Por iso non é estraño que o sector cultural se vexa comprometido e alienado con múltiples retos da sociedade, como a **loita contra a desigualdade, a exclusión ou a discriminación**.

- As administracións públicas deben considerar o sector un activo con capacidade comprobada para axudar a superar a crise e reconstruír a sociedade.
- As medidas implantadas con efecto da crise sanitaria foron para buscar e actuar como **catalizador estrutural do sector** e crear un ambiente para que a práctica profesional das artes escénicas e da música, principalmente, sexa máis **sostible, menos precaria e máis digna** ao longo de toda a súa cadea de valor.
- Preséntase un escenario de recuperación lenta e progresiva, condicionado polas actuais medidas de **restrición de mobilidade e de concentración de persoas**, moi dependente dos diferentes escenarios posibles da desescalada. Os primeiros informes de impacto apuntan a unha recuperación máis serodia que noutros sectores.
- Co sector cultural totalmente paralizado durante o decreto do estado de alarma, segundo o plan de reactivación cultural da Xunta de Galicia¹⁶ o impacto negativo no sector da cultura estimouse entre os 100 e 120 M€ e unha perda potencial de entre 2.000 e 2.500 empregos, o que supón ao redor do 7 % do total, con respecto ao escenario previo á crise sanitaria. Esta situación pasaría pola **programación, no derradeiro trimestre de 2020**, de parte das actividades e eventos culturais. Nunha prospección máis pesimista, en relación á dinámica do nivel de **cancelacións, do fluxo de gasto público e da diminución do consumo final de produtos e servizos culturais**, prevíase que o impacto negativo se multiplicase, e que o desemprego chegase ata os 11.000 profesionais. Sen datos reais en xullo de 2021, si podemos dicir que no caso das cooperativas apenas houbo un impacto negativo de desemprego ou saída de persoas socias. Podemos dicir que as **cooperativas están en situacións mellores** para afrontarlas, con maior flexibilidade e sen demasiados conflitos internos, derivados

¹⁶ https://xacobeo2021.caminodesantiago.gal/osdam/filestore/2/0/0/1/3_ca5875058a12b42/20013_b03a7f19714b8c9.pdf

de traballar en favor do ben común. A maioría pecharon o 2020 cunha redución de facturación e perdas asumibles, aguantando grazas a situacións de ERTE, ou similares, e a que tiñan “colchón” e fondos de exercicios anteriores. Pero a previsión a curto prazo 2021-2022 é bastante diferente, xa que reactivar a actividade non está sendo nada doado, senón que é bastante dificultoso programar e xestionar servizos coas restricións e os protocolos continuamente cambiando segundo a incidencia da Covid-19 en cada momento.

Os **principios e valores cooperativos** convértense nunha ferramenta principal para manter e para impulsar medidas de actuación e facerlle fronte ás consecuencias da pandemia (Axuda mutua, solidariedade, equidade, corresponsabilidade, igualdade, intercooperación...)

RISCOS E OPORTUNIDADES QUE DESTACAN NO PLAN DE REACTIVACIÓN CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA

RETOS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Peche de empresas e destrución do tecido • Importante perda de emprego • Limitacións á mobilidade e á capacidade (aforos) • Consumo de proximidade, debido aos peches perimetrais e de fronteiras 	<ul style="list-style-type: none"> • O camiño de Santiago • O Xacobeo 2021 • A cultura arrastra outras economías - Turismo, hostalaría, tecnoloxías • Emprego da tecnoloxía

Fronte a este Plan de reactivación, o sector do cooperativismo cultural respondeu indicando que o plan adoeceía de **medidas, prazos, importes e indicadores concretos** que permitiran superar de xeito urxente a situación de extrema necesidade que estaban a sufrir moitas das cooperativas do ámbito cultural e que vían como a súa situación se agravaba día a día.

Demandaron¹⁷ **protocolos claros de seguridade e hixiene** para os distintos sectores e subsectores da actividade cultural, atendendo ás particularidades de cada un deles, que permitiran o inicio das actividades en canto as distintas fases da desescalada o foran permitindo.

Instóuselle á administración autonómica para que sen máis demora se artellaran **medidas para os colectivos e subsectores** (nomeadamente persoal técnico e persoal de produción, así como para aquelas entidades que fan actividades culturais no ámbito do patrimonio, lecer e ocio, arqueoloxía) para o que non existían medidas nin referencias neste plan, así como medidas concretas que axudaran na necesaria **transformación e educación dixital** do sector e no **acceso a financiamento** diversificando mecanismos como finanzas éticas ou mecenado e artellando sistemas de flexibilización para xustificacións, adiantos parciais das axudas e pagamentos de proxectos.

E por último impulsar a **contratación pública responsable**, derivando recursos cara as entidades de economía social do ámbito cultural e introducir criterios de discriminación positiva xerando emprego estable e de calidade, respondendo ás necesidades dos colectivos mais vulnerables, con perspectiva de xénero, e atendendo tamén cuestións como a **conciliación e os coidados**. Así mesmo prestando interese pola xeración de relacións económicas colaborativas, e favorecendo a **intercooperación** entre entidades.

Se demandou unha maior **participación da compañía CRTVG como xeradora de apoio e financiamento ó sector**.

E medidas que potencien e **fomenten o consumo e a compra de produtos e servizos culturais entre as familias e cidadanía en xeral**.

¹⁷ https://xacobeo2021.caminodesantiago.gal/osdam/filestore/2/0/0/1/3_ca5875058a12b42/20013_b03a7f19714b8c9.pdf

A especial preocupación das cooperativas foi e segue sendo o temor a non poder retomar ou continuar a súa actividade con posterioridade a pandemia, sen liñas claras e concretas de apoio e impulsadas de xeito inmediato, que aposten polo mantemento do emprego e pola consolidación do sector.

PRINCIPAIS MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DAS COOPERATIVAS DURANTE O PERIODO DE CONFINAMENTO DA PANDEMIA



Medidas como a de **reducir a actividade, o cese ou aplicar ERTes** déronse principalmente nas artes escénicas, xa que se produce un impedimento relacionado co distanciamento social, desprazamentos ou contacto físico.

As medidas **de reaxustes organizativos**, déronse máis en sectores de deseño ou xestión cultural. Igualmente, as medidas de adaptación ao **teletraballo** tamén foron mais doadas de implementar nestes sectores, e con menor aplicación ou que non foi posible en sectores como o das artes escénicas e musicais.

En relación co incremento en **inversión dixital**, estas medidas déronse maioritariamente en sectores relacionados co patrimonio, poñendo en valor o nacemento de iniciativas relacionadas coa dixitalización do patrimonio, por exemplo a posta en marcha de exposicións virtuais ou o acceso a obras literarias en formato virtual. Tamén nas artes escénicas se abre unha vía dixital, a través do acceso a eventos culturais, concertos a través de plataformas dixitais ou retransmisión vía streaming.

DIFICULTADES ATOPADAS POLAS COOPERATIVAS PARA REACTIVAR A SÚA ACTIVIDADE

- 1. Avaliación dos riscos laborais:** analizar e avaliar os riscos existentes no lugar de traballo e para a actividade cultural concreta, incorporando as medidas preventivas relativas ao novo risco de contaxios e transmisións pola Covid-19. Principalmente para as artes escénicas.
- 2. Modificación da planificación da actividade preventiva,** instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos, para determinar as medidas a adoptar co fin de evitar a transmisión da Covid-19.
- 3.** A maioría das organizacións quixeron implemetar o **teletraballo** nas actividades que era posible facelo. Aínda así moitas cooperativas víronse forzadas a reducir a súa actividade ao mínimo con motivo de cancelacións de eventos, concertos, ou a non posibilidade de acudir aos lugares de traballo nin poder facelo dende a casa.
- 4. Adaptación dos procesos de creación, produción e exhibición** dos espectáculos no actual contexto de crisis sanitaria.
- 5. Distanciamiento Social:** expúxose como norma xeral o traballar individualmente, mantendo a distancia se é posible de 2 metros e o obrigatorio uso da máscara, con algunhas excepcións que fan que se teña que distinguir equipos de traballo (elenco artístico do técnico), representacións e ensaios.
- 6.** Dificultade de **dotarse de Equipos de protección** individual (EPI)- máscaras FFP2, máscaras FFP3 e pantallas faciais-. Produtos sanitarios- máscaras cirúrxicas-. Outros materiais de protección, como o xel hidroalcohólico.
- 7.** Dificultade e asunción dun coste elevado ó ter a **obriga de recoñecementos médicos** para o elenco de artistas ou en determinadas actividades ao comezar a desescalada da pandemia.
- 8. Dotarse de ferramentas dixitais, adaptación á transformación tecnolóxica** e novas formas para chegar ao público e moi pouco tempo. Realizar un gran esforzo para inversións para a dixitalización.

9. Reaxustes na organización, para evitar reducir os equipos humanos, fortalecen os principios e valores cooperativos, primando a equidade, igualdade, conciliación, entre outros.

10. Acceso ao financiamento

Coa pandemia, a redución de facturación nestes sectores ocasionou que as cooperativas tiveran e estean tendo dificultades para afrontar o pago das súas obrigas fiscais e laborais, por esgotamento dos seus niveis de tesourería, que nun principio pode que foran cubertas con reservas e excedentes positivos de exercicios anteriores, pero que, dada a extensión temporal das medidas de confinamento, a situación derive en tensións importantes de tesourería, o que en moitos casos obriga a recorrer a créditos ou outros instrumentos de endebedamento, a nivel autonómico e tamén estatal.

Ademais das dificultades que afrontan as entidades de recente creación, moitas delas están aínda no berce e no proceso de posta en marcha cando se produce o peche e paralización total coa situación de confinamento, e que nin sequera poden acceder a prestacións ou apoios, xa que non teñen facturación en exercicios anteriores e non cumpren requisitos para acceder aos apoios previstos.

Con carácter xeral, as cooperativas iniciaron ERTE's pola duración dos estados de alarma, ou ampliados nas condicións que as medidas económicas adoptadas polo goberno contemplaba, así como acceso a financiamento ou axudas dos gobernos autonómicos no seu caso. Igualmente o acceso a financiamento ético tamén se viu en alza. Estas tramitacións non foron doadas para as cooperativas nin para outros modelos económicos. Xa que provocaron moitas dúbidas e problemas burocráticos nas tramitacións, e o volume tan alto de solicitudes xerou grandes retrasos na recepción de recursos e resolucións, incrementando mais aínda a situación límite de moitas entidades.

ALGUNHAS MEDIDAS QUE AS ADMINISTRACIÓN ESTATAIS, AUTÓNOMICAS E LOCAIS OFRECERON PARA O SECTOR CULTURAL

1. FLEXIBILIZAR A XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS E ADAPTAR AS LICITACIONES

- Facilitar proxectos iniciados pero non executados e / ou paralizados debido á COVID-19, e poder xustificar subvencións con opcións ampliadas.
- Permitir a xustificación con salarios ou gastos de proxectos que non se puideron executar para os que se dispuxeron recursos.
- Permitir a reformulación das subvencións coa incorporación de actividades virtuais, gastos de adaptación de espazos e actividades físicas, etc. aos requisitos sanitarios derivados da COVID-19.
- Minimizar o impacto que a COVID-19 tivo nos proxectos en termos de subvención e prazos de licitacións.
- Reactivación de prazos vinculados a concursos, licitacións e subvencións para proporcionar seguridade financeira á planificación financeira das cooperativas. Fronte á paralización das licitacións, coa conseguinte incerteza na planificación executiva e económica da entidade, atopar un camiño que dese garantía legal de que a adxudicación do concurso á entidade adxudicataria se faría con carácter retroactivo.
- Tentar minimizar o prazo para resolver os trámites administrativos, as concesións, comezos de execución, etc. tanto en concursos como en subvencións, co fin de dar axilidade á prestación de servizos na administración.
- Aceleración máxima da resolución das subvencións presentadas e pagamentos das xa concedidas.
- Reconverter as ofertas xa adxudicadas cando implicasen a celebración de eventos públicos, protexendo a planificación económica das entidades que gañaran os concursos.

2. FACILITACIÓN DE MECANISMOS DE FINANCIAMENTO

- Aliviar as tensións de efectivo causadas pola suspensión, adiamento, peche ou cancelación de actividades e espazos.
- Apoio ao financiamento extraordinario: avais e pagamento de xuros. Aprobación de aplicacións e / ou extensións de liñas de crédito con entidades financeiras (límite % de xuros), financiando os xuros xerados polos préstamos solicitado en tempos de crise sanitaria.

3. INTERCOOPERACIÓN E COMUNICACIÓN DIRECTA E FLUÍDA

- Acceso á información pública das entidades representativas do sector, permitindo ás cooperativas tomar decisións.
- Traballar en fórmulas para crear proxectos que fomenten a empleabilidade e intercooperación.


Estas medidas non sempre foron ben aceptadas nin implementadas satisfactoriamente polas cooperativas, por diversos motivos. Entre eles que as convocatorias e normativas que se entendían que deberían de ser áxiles e de fácil manexo non o foron completamente, ou en ocasións a documentación e os protocolos non estaban en consonancia coas particularidades da fórmula cooperativa.

En xeral, en España as axudas específicas para a Cultura non se anunciaron ata Maio, case dous meses despois da declaración de Estado de Alarma. España mobilizou 780 millóns de euros a través do plan CREA SGR, que recolle medidas como o acceso extraordinario á prestación por desemprego de persoas traballadoras intermitentes da cultura, así como facilidades de liquidez ó sector mediante créditos, avais, anticipos e indemnizacións para artistas que non percibiron ingresos por cancelacións e creacións de fondos de soporte nos subsectores audiovisuais e de artes escénicas. No obstante, convén considerar que o importe das axudas foi menos en España que en outros países europeos.

Agora ben, si houbo e segue habendo boa intención de xerar políticas que activen o sector cultural, quizais a convocatoria “estrela” en Galicia foi, e é, o Fondo de Proxectos Culturais 2021.¹⁸

Tamén esta pandemia fixo abrir portas a novas reflexións e comunicación entre o sector e as administracións, esperando que sexa un paso máis e que se manteñan así no futuro

OPORTUNIDADES QUE SE MANIFESTARON NAS ENTIDADES CULTURAIAS DURANTE O PERÍODO DE CONFINAMENTO DA PANDEMIA



Durante o confinamento, as entidades non estiveron nin moito menos paradas nin inactivas, senón que dedicaron o seu tempo a diferentes tarefas “improductivas”, pero tan necesarias para plantarlle cara a esta pandemia e xerar forzas para saír adiante, producindo así oportunidades de actuacións e reactivación do sector.

¹⁸ https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/axuda/convocatoria_0056/fondo-proxectos-culturais-lingua-galega-xacobeo-2021-segunda-convocatoria

Iniciativas gratuítas ameaza ou oportunidade?

O que para o sector cultural en xeral pode ser unha ameaza, para as cooperativas culturais pode ser unha oportunidade.

Como xa se comentou anteriormente, a maioría das entidades culturais, e nas cooperativas tamén foi así, leváronse adiante iniciativas culturais gratuítas, dixitais e/ou online durante o período de confinamento, principalmente. Esta particularidade, por un lado, mostra como o mundo cultural é clave para o benestar emocional da sociedade. A cultura fortalece a solidariedade, e é un traballo que vai máis alá de motivación lucrativas, demostrando así por que moitas das cooperativas culturais están declaradas como sen ánimo de lucro. Pero por outro lado está o perigo de que estas accións voluntarias e gratuítas, se convertan nun factor de risco, abrindo a brecha da precariedade laboral dos artistas, principalmente independentes, e que non estean organizados en rede ou baixo fórmulas cooperativas.

Polo que esta crise do COVID-19 pode intensificar as transformacións estruturais no mercado cultural, producindo un distanciamento entre os factores produtivos de capital e traballo, onde as cooperativas culturais sen ánimo de lucro poden ser fundamentais e creando unha boa resposta a esta situación.

Así mesmo, estas iniciativas tamén poden xerar un impulso cara novas actividades e servizos, ou a xeración de colectivos organizados e a creación de proxectos, novos emprendementos e novas fórmulas para autoxestionarse e organizarse, potenciando así cooperativas de traballo asociado como servizos ou consumo.

E ao mesmo tempo prodúcese un cambio nas pautas de consumo cultural, tendendo cara unha maior dixitalización e distribución de contidos en plataformas online, onde o cooperativismo pode tamén ter moito que dicir, escapando das multinacionais e creando as súas propias redes e plataformas cooperativas dixitais. Primando ademais o acceso á cultura a toda a sociedade e non soamente a unha “élite”, avogando nos principios cooperativas que caracterizan ás cooperativas.

**MEDIDAS ESTRATÉXICAS PARA CONTRARRESTAR OS EFECTOS DA COVID-19
NAS COOPERATIVAS CULTURAI**

**Creación de Plans
estratéxicos por
subsectores,
que fomenten a
recuperación**

**Campañas de
comunicación para
a sensibilización da
demanda local**

**Bonos de consumo
ou redución do
IVE en produtos e
servizos culturais para
estimular a demanda**


**Aumentar a
contratación pública
das organizacións
culturais
(convocatorias
abertas, financiación
de proxectos...)**

**Medidas e divulgación
sobre o emprego
e autoemprego
colectivo nos sectores
culturais**

**Aprazamento de
impostos e similares**

**Axudas para
a solvencia e
consolidación das
cooperativas (gastos
correntes, inversións...)**

**Facilitar acceso
ao financiamento
(impulso de
banca ética)**



- **CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR**

Podemos dicir que o cooperativismo é unha fórmula en expansión nun contexto recesivo, un modelo de xestión empresarial que se centra nas persoas e no compromiso coa comunidade, e que por tanto permite acceder a postos de traballo estables e participar en proxectos socialmente útiles e satisfactorios, pero que ao mesmo tempo precisaría dun maior grao de formación en xestión económica e cultura organizativa, e en ocasións, de maiores doses de innovación.

FORTALEZAS DAS COOPERATIVAS CULTURAIAS

- A xestión democrática das cooperativas e a corresponsabilidade dos socios supón un extra de motivación, esforzo e implicación, o que lle confire á empresa unha maior resistencia en épocas de crise.

- No caso das cooperativas de traballo asociado, a dobre dimensión como socio e traballador estimula a aprendizaxe constante e permite dispor dunha visión integral e enriquecedora do funcionamento da empresa.
- As cooperativas facilitan a conciliación da vida privada e laboral debido á súa flexibilidade organizativa. As normas e procedementos son acordados polas mesmas persoas que os terán que acatar ou implementar. A elevada presenza de mulleres no conxunto do sector cooperativo semella corroborar esta afirmación.
- Os postos de traballo xerados no ámbito cooperativo adoitan ser dignos, estables e de calidade. A porcentaxe de traballadores con contratos indefinidos así o indica.
- A intercooperación axuda á consolidación dos negocios das cooperativas e ao fortalecemento do sector no seu conxunto (cooperativas de crédito que facilitan o financiamento na economía social).
- As cooperativas son empresas arraigadas no territorio, de moi difícil deslocalización, e nese sentido, contribúen ao desenvolvemento económico dos lugares nos que habitan. A aposta pola colaboración coa sociedade e o compromiso social supoñen un motivo de orgullo e identificación para os seus membros.
- As cooperativas gozan de vantaxes legais, subvencións e incentivos fiscais que facilitan a súa posta en marcha e posterior consolidación.

DEBILIDADES DAS COOPERATIVAS CULTURAIS

- Nas cooperativas que carecen de procedementos ben perfilados, pódese xerar unha certa retardación na toma de decisións. A lóxica democrática, o intento de acadar consensos e a comunicación multidireccional repercuten nesta falta de axilidade.
- Existen estereotipos que asocian as cooperativas a sectores de actividade pouco punteiros. O descoñecemento da súa realidade inflúe en asesores económicos que desaconsellan esta fórmula empresarial a novos emprendedores.
- Derivado do punto anterior, motivos como a responsabilidade limitada dos

socios, ou poder ter un capital social variable, ou particularidades das cooperativas sen ánimo de lucro, poden ocasionar que as cooperativas se vexan excluídas do circuíto de financiamento da banca convencional.

- Con frecuencia existe nas cooperativas un déficit de formación en xestión económica que dificulta a súa capacidade de innovación, é dicir, de transformar en valor económico a creatividade do grupo.
- Do mesmo xeito que as cooperativas son beneficiarias de certas vantaxes legais, tamén posúen limitacións das que carecen outros modelos empresariais, coma no caso da contratación de persoal asalariado, que está regulado e acoutado por lei. Esta limitación forma parte intrínseca dos fundamentos da economía social, como garante de acceso das persoas ao emprego e de cara a evitar a subordinación do traballo ao capital.

O cooperativismo dentro do sector das industrias culturais e creativas como xa comentamos anteriormente, non te nun gran peso aínda, pero vemos que o seu crecemento é exponencial ano a ano dando mostra da súa gran adaptabilidade ás circunstancias económicas de cada momento. Sustentabilidade e calidade laboral, factores que cabe destacar e que deberían ser fundamentais para potenciar a creación de novas empresas con este tipo de fórmula ou ben procurar que as xa creadas transiten cara modelos de iniciativa social, xa que as empresas e entidades do sector cultural, na súa maioría, comparten os valores e principios da Economía Social.

6.1 - BOAS PRÁCTICAS DE COOPERATIVAS CULTURAIS E PROXECTOS REPLICABLES

MIRAXE S.COOP.GALEGA:



Miraxe s. coop. galega,¹⁹ é unha cooperativa de traballo asociado. Un proxecto do ámbito das artes escénicas, afincado en Santiago de Compostela. Tódolos socios e socias son profesionais altamente cualificados que están en permanente renovación. Naceu no ano 2017, a partir

dunhas 10 persoas que buscaban dignificar o traballo mais técnico das artes escénicas, e facelo de xeito colaborativo, escapando así do individualismo e do “free lance”. Na actualidade está formada por unhas 20 persoas socias e algunhas persoas asalariadas sen superar o límite que marca a lei de cooperativas neste aspecto, e sempre co afán de crecemento do equipo e dar ás persoas sentido de pertenza da entidade e corresponsabilidade.

As súas áreas de traballo principais son:

- Iluminación. O departamento de iluminación conta con deseñadores/as, operadores/as, técnicos/as de montaxe e departamento de fotografía e render.
- Producción. Dende pequenos eventos a grandes concertos pasando por festivais e obras de teatro. Producións íntegras ou solucións técnicas.
- Son. Contan con recursos humanos para a montaxe, axuste, medición, predición sonora e realización de calquera tipo de evento, concerto ou festival.

Realizando principalmente a súa actividade na autonomía pero tamén a nivel nacional.

¹⁹ <https://www.youtube.com/watch?v=2g6VLthgV3w>, <http://www.miraxe.coop/>

MÚSICOS AO VIVO S.COOP.GALEGA

Músicos ao Vivo S. Coop. Galega²⁰ é unha sociedade cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro, de ámbito galego, creada para ofrecer un servizo aos músicos galegos. A cooperativa nace como continuación lóxica ao traballo realizado dende xullo de 2010 por Músicos ao Vivo (Asociación) en virtude do convenio asinado coa cooperativa de Musica²¹ para facilitar o proceso de xestión e facturación dos músicos galegos. A nova cooperativa créase para dar mellor resposta á operativa propia que requiren as persoas socias da asociación (envío máis áxil e rápido de facturas, facturas proforma, sinatura de contratos, simplificación e diminución nos prazos de envío de documentación, trato coas institucións públicas galegas e adecuación ás súas exixencias, pagamentos individualizados aos músicos das formacións, etc.).

Os seus obxectivos principais son:

- A posta en valor do traballo das persoas dedicadas ao sector musical, coa finalidade de promover a profesionalización da actividade de músico.
- Promover a difusión da cultura musical de Galicia.
- Defender os intereses dos asociados e do colectivo


As cooperativas de profesionais da música existen dende mediados dos anos 90 a nivel estatal. Creáronse por iniciativa propia dos músicos, coa intención de regularizar a súa situación laboral ante o reiterado incumprimento –ben por ignorancia, ben pola complexidade do sistema ou ben pola mala fe contractual da normativa vixente–, por parte de organizadores de espectáculos públicos. A eficacia destas iniciativas queda patente perante o considerable aumento das altas de músicos na Seguridade Social alí onde as cooperativas prestan os seus servizos, coa conseguinte saída á luz de bases de cotización e ingreso de cotas na Seguridade Social. Tamén é evidente o crecemento das achegas fiscais dos músicos e artistas a través do IRPF e a través do IVE facturado polas cooperativas aos organizadores

²⁰ <http://musicasaovivo.gal/documentos/16-historia-e-obxectivos>

²¹ <https://www.musicat.cat/es/54/quienes-somos-grupo-de-gestion-musicat.html>

dos espectáculos. Un claro exemplo de como xerar un proxecto cooperativo que dea soporte de xestión e estrutura a unha asociación.

SONAXE S.COOP. GALEGA



Sonaxe é unha cooperativa de traballo asociado afincada en Boiro, da man de 3 persoas socias, mestres de música de distintas especialidades e unha longa experiencia, fan que Sonaxe desenvolva a súa labor no ámbito da música en dous piares: a formación e xestión musical e a edición, produción e promoción musical en Sonaxe Records.

No eido da formación, Sonaxe ten como fin poñer ao servizo das persoas todas aquelas ferramentas que se precisan para aprender ou perfeccionar os coñecementos musicais. Tamén ofrecen servizos de xestión integral para centros de ensinanza musical. O seu proxecto máis desenvolto é a [ESCOLA DE MÚSICA DE BOIRO](#). Nel conseguen que un mesmo proxecto sexa pedagoxicamente atractivo, musicalmente eficaz e economicamente viable.

Por outro lado Sonaxe Records é a parte da cooperativa que se dedica á promoción, produción e Edición Musical.

A súa finalidade é poñer a disposición dos profesionais da música todas aquelas ferramentas precisas para poder levar a cabo a práctica da música dun xeito profesional.

Encárganse da produción, edición e promoción dos traballos destes profesionais da música.

6.2 PLATAFORMAS COOPERATIVAS DIXITAIS

A crecente importancia de plataformas en liña que ofrecen servizos en diferentes sectores a persoas usuarias en todo o mundo, que xa conforman un fenómeno denominado “uberización” (en relación á compañía Uber), mantén en alerta non só aos sectores implicados, senón tamén ás persoas expertas en materia laboral.

Neste novo tipo de empresas, as persoas usuarias da plataforma son as que ofrecen o servizo e tamén son, en certo sentido, as súas traballadoras/produtoras. Porén, un dos problemas destes portais é a falta de conexión real entre as persoas usuarias e traballadoras. Ademais, a diferenza máis importante entre estas plataformas colaborativas e as empresas de economía social, como por exemplo unha cooperativa, radica no papel que teñen as persoas usuarias e/ou produtoras na participación na empresa. En Uber, por exemplo, non existe tal participación, mentres que na economía social si. Esta participación maniféstase en dúas esferas: na toma de decisións e no reparto de beneficios.

Internet impón duras condicións para competir nun mercado que, cada vez máis, aproveita as economías de escala para ser rendible. Por esta razón, a adhesión a cooperativas de plataforma pode sumar esforzos para chegar a novos públicos e mercados mantendo unhas condicións laborais dignas para o desenvolvemento persoal.

Por iso, dende a economía social están xurdindo iniciativas que aproveitan o auxe destas plataformas para ofrecer un servizo que só teña en conta os intereses das persoas usuarias e non o lucro para os investidores.

O que pretenden é imitar a esencia tecnolóxica de Uber e Airbnb, pero poñéndoa ao servizo dun modelo de propiedade distinto, con valores democráticos, para que non só beneficie a unhas poucas persoas.

O cooperativismo de plataforma procura que estes novos xigantes da economía colaborativa estean baixo a propiedade e xestión das persoas produtoras, usuarias.



Ideada como unha cooperativa integral sen ánimo de lucro,²² **Justifay**²³ persegue ser unha plataforma de streaming de todas as bandas e artistas, esa ferra-

²² A lei de cooperativas de Galicia, non permite na actualidade as cooperativas integrais.

²³ <https://justifay.com/wp-content/uploads/2021/03/DOSSIER-JUSTIFAY-completo.pdf>,
<https://justifay.com/>

menta que lles permita rendibilizar o máximo posible as súas creacións no ámbito dixital nun mercado cada vez mais adverso para os seus intereses. Adoptando a forma xurídica de cooperativa integral sen ánimo de lucro, Justifay pretende consolidar un sistema de reparto xusto sobre todos os ingresos que veñen do mercado dixital. Dotar de transparencia a un mercado totalmente opaco nos seus contratos e acordos. Xerar un abanico de servicios gratuítos para bandas e artistas. E darlle visibilidade o modelo cooperativo como unha alternativa mais eficiente para o sector e a sociedade en xeral.

7

- **FOMENTO DA
CREACIÓN E
CONSOLIDACIÓN DE
COOPERATIVAS NO
SECTOR**

7.1 DETECCIÓN DE OPORTUNIDADES

Entre moitos aspectos e potenciais oportunidades xa incluídos nos apartados anteriores deste Plan, de cara a marcar un horizonte de futuro, non debemos pasar por alto tipoloxías cooperativas que se están fortalecendo a nivel nacional, e que en Galicia aínda non dan arrancado, entre outras cousas porque algunha das tipoloxías para levala a cabo na autonomía ten que pasar por un cambio na lexislación de coo-

perativas de Galicia, para permitir novas tipoloxías na fórmula cooperativa. É o caso das **cooperativas de impulso empresarial**.

Esta tipoloxía, xa consolidada en autonomías como Andalucía ou Madrid, supón un híbrido entre as cooperativas de traballo asociado e as de servizos.

Dentro do obxecto destas cooperativas, poden coexistir dúas actividades ou ramas empresariais. Por un lado, as cooperativas de impulso empresarial poden centrarse en canalizar a iniciativa emprendedora dos seus socios usuarios mediante a orientación profesional, a provisión de habilidades empresariais precisas para o desenvolvemento dunha actividade profesional, o acompañamento e titorización dos seus proxectos empresariais, etc. E por outro lado, estaría a liña de ofrecer aos seus socios dende estas cooperativas de impulso empresarial unha cobertura estrutural e de medios colectivos ou mutualizados que lles permita realizar a súa actividade baixo as condicións legais necesarias e brindarlles a opción de centrarse no desenvolvemento da súa profesión, esquecéndose de burocracia, trámites legais, administrativos, etc.

Este modelo pode crear e consolidar un maior número de empregos no sector cultural, con calidade e satisfacendo os requisitos legais establecidos, e tamén propiciar o marco necesario para aflorar parte da economía somerxida e precariedade atopada no sector cultural.

EXEMPLO:

Smart Ibérica²⁴ é unha cooperativa de impulso empresarial e sen ánimo de lucro que reinveste os beneficios obtidos na propia estrutura e no que decidan as persoas socias de xeito democrático.

²⁴ <https://smart-ib.coop/sobre-smart/>

Canaliza a actividade emprendedora dos seus socios e socias. Titoriza os proxectos dos seus asociados, profesionais independentes, favorecendo iniciativas profesionais a través de servizos mutualizados.

Smart permite xestionar os proxectos profesionais a través dun asesoramento personalizado. Cada socio/a ten un titor asignado que lle axuda a expor unha folla de ruta e necesidades para que a súa actividade teña el maior éxito posible: mellorar a formación, fomentar as redes para obter visibilidade, concorrer a licitacións afíns a seu perfil, optimizar as negociacións cos seus clientes, etc.

Smart acompaña a: artistas plásticos e visuais, fotógrafos, camarógrafos, deseñadores gráficos, téxtiles e web, ilustradores, artistas escénicos e circenses, actores, escenógrafos, músicos e compositores, escritores, guionistas, artesáns, xestores culturais, produtores audiovisuais, comisarios e críticos de arte, representantes de artistas, técnicos de son e iluminación, informáticos, programadores, intérpretes do patrimonio, distribuidores de cine e teatro, tradutores, formadores, comerciais e a todas aquelas profesións que se desenvolvan no marco creativo.

Outra tipoloxía cooperativa potencial para proxectos culturais, serían as **cooperativas de consumo**, onde as persoas socias mancomunan a compra, o uso de produtos, bens ou servizos de tipo cultural. Neste caso, tendo en conta que a actividade cooperativizada é o consumo, no centro da cooperativa atópase a socia consumidora, que é quen ten a propiedade e o poder de decisión.

EXEMPLO:


Teatro del barrio²⁵ é unha cooperativa de consumo madrileña, un proxecto de xestión cultural participativa que nace no ano 2013, para construír

²⁵ <https://teatrodelbarrio.com/proyecto-barrio/comunidad-2/>

outra forma de convivir e consumir cultura, autoxestionan un espazo de teatro, música e danza, onde teñen unha programación anual, formación artística para profesionais e escola de interpretación.

E por outro lado, as **cooperativas de servizos**, que asocian a persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións industriais ou de servizos, e persoas profesionais ou artistas que exercen a actividade por conta propia. Estas cooperativas teñen como obxectivo prestar subministrados e servizos e executar operacións destinadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou de las explotacións dos seus socios. Por exemplo unha central de compras, xestionar loxística ou a autodistribución de espectáculos, etc.

Tanto as cooperativas de consumo como as de servizos poden integrar ás persoas traballadoras como socias de traballo, polo que pasan a participar na toma de decisións. E, a pesar de que a actividade de consumo ou de servizos segue no centro, deste xeito tamén se valora e se incorpora a voz das persoas que, a través do seu traballo, permiten que a actividade cooperativizada se leve a cabo.




● PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR

<p>Coordinación e colaboración coas Administracións públicas</p>	<ul style="list-style-type: none">· Evitar disfuncións e valeiros, para un trato global co sector que sexa coherente e eficaz.· Liñas para o impulso comunicativo e promoción comercial das cooperativas culturais.
<p>Adaptación e/ou reinterpretación normativa.</p>	<ul style="list-style-type: none">· Diseñar novas políticas de fomento das artes escénicas e musicais, adecuadas á diversidade do sector. Adecuando normas de contratación, fiscalidade, perspectiva de xénero, etc.

Plans de financiación do sector	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar acceso a financiamento público e privado.
Mesas de traballo para recollida de información sistemática	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar sen datos é xestionar a cegas
Marco Laboral	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento pleno do Estatuto de artistas e convenios sectoriais. • Regulación específica.
Visibilidade de iniciativas que fomente a profesionalización e cualificación	<ul style="list-style-type: none"> • Control de boas e malas prácticas.
Regulación tecnoloxías dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Marco político sobre streaming e a dixitalización.
Lei de Contratación pública	<ul style="list-style-type: none"> • Normativas para fórmulas xurídicas relacionadas co dixital. • Modificación e adaptación a realidade do sector. • Promover a contratación de proxectos culturais cooperativos. • Contratación de servizos e produtos desenvolto por cooperativas nas instalacións públicas e eventos da cidade. • Fomentar a inclusión de cláusulas nos pregos e competicións que se adaptan ás prácticas do proxectos cooperativos culturais. • Fragmentación por lotes de proxectos, xa que isto facilitará moito o acceso ás pequenas empresas.
IVE	<ul style="list-style-type: none"> • Redución do imposto.
Facilitar acceso a axudas e subvencións	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar criterios para garantir o acceso, non só usar o criterio do volume de facturación ou o número de empregos xerados. • Garantir o acceso a toda a cadea de axentes implicados na cultura: dende creadores a espazos, produtores, axencias de comunicación, etc. • Priorizar a pequena dimensión e a súa necesidade de recuperación debido as condicións actuais (covid-19).
Intercooperación	<ul style="list-style-type: none"> • Consolidar espazos compartidos e visionarios da estratexia sectorial. • Promoción de espazos de interconexión e xeración de redes que fomenten novas estruturas.

8.1 ACTUACIÓNS DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR





● BIBLIOGRAFÍA

- Cooperativismo e Cultural, unha alianza necesaria. Xunta de Galicia 2015
- Análisis del impacto del Covid.19 sobre las organizaciones y agentes culturales España. Universidade de Valencia, 2020
- Axenda Sectorial LACES. Fomento da creación e consolidación de empresas de economía social no sector das industrias creativas e culturais en Galicia e Norte de Portugal. 2019
- Guía Sectorial LACES. Fomento da creación e consolidación de empresas de economía social no sector das industrias creativas e culturais en Galicia e Norte de Portugal. 2019
- Conxuntura estatística do ámbito cultural, Outubro 2020. Consello Galego da Cultura

- As bandas de música populares en Galicia, 2021. Consello Galego da Cultura
- Cultura Cooperativa en Barcelona. Guía práctica para o cooperativismo cultural. 2018 Ayuntamiento de Barcelona
- Declaración Mercado de las artes escénicas (MERCANTES) 2020
- Guía de buenas prácticas para el reinicio de la actividad escénica y musical en España. 2020 Ministerio de cultura y deporte de España
- Oportunidade de negocio nas industrias culturais e creativas. 2019 Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade
- Libro branco do ensino da música tradicional en Galicia. Fundación Son de Seu 2006
- Conta Satélite da Cultura de Galicia, Base 2010
- Plan de reactivación dos sectores culturais e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19. Xunta de Galicia 2020
- Propostes enfront de la crisi de la COVID-19. Espai de cooperatives culturals de Barcelona“ Cultura cooperativa catalana 2020

